C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

ACTA Nº 2018/1

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, XOVES 25 DE XANEIRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

EDUARDO JOSE PARGA VEIGA (PP)

ASISTEN:

MIGUEL ANGEL FERNANDEZ MIRAS (PP)
MARIA SOLEDAD BLANCO GORIN (PP)
NOELIA FREIJEIRO NOVO (PP)
MARIA PILAR DOLDAN POSE (PP)
ALVARO CARRIL RODRIGUEZ (PP)
JULIO JOSE VILA DIAZ (PP) , que toma posesión como concelleiro neste pleno.
SERGIO MANUEL GARCIA VILLAR (Grupo Mixto-PSOE), que toma posesión como concelleiro neste pleno.
Mª DEL MAR ORDÓÑEZ VARELA (Grupo Mixto-BNG)
ALFREDO CAÑIZO GARRIDO (AIM)
ANTONIO MANUEL PEREIRA RODRIGUEZ (AIM)
MARIA CRISTINA CASTRO POSE(AIM)

NON ASISTEN:
MARIA CARMEN SANCHEZ VARELA(AIM), xustificando a súa ausencia o voceiro do grupo municipal.

SECRETARIO/A:

MONICA PICHEL GARCIA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. ACTAS SESIÓNS ANTERIORES:

A)Acta nº 8/2017 sesión ordinaria de 30.11.2017.

Pola Presidencia se pregunta aos concelleiros presentes se teñen que facer algunha observación

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

ou proposta de corrección da acta da sesión do Pleno do concello de 30.11.2017. Non formulándose ningunha observación, sométese á votación a acta aprobándose a mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 6

6 PP (aínda non tomou posesión o novo concelleiro)
0 Grupo Mixto
0 AIM

Votos en contra: 0

0 PP
0 Grupo Mixto
0 AIM

Abstencións: 4

0 PP
1 Grupo Mixto (aínda non tomou posesión o novo concelleiro)
3 AIM

Estado : Aprobada

B)Acta nº 9/2017 sesión ordinaria de 18.12.2017.

Pola Presidencia se pregunta aos concelleiros presentes se teñen que facer algunha observación ou proposta de corrección da acta da sesión do Pleno do concello de 18.12.2017. Non formulándose ningunha observación, sométese á votación a acta aprobándose a mesma co seguinte resultado:

Votos a favor: 6

6 PP (aínda non tomou posesión o novo concelleiro)
0 Grupo Mixto
0 AIM

Votos en contra: 0

0 PP
0 Grupo Mixto
0 AIM

Abstencións: 4

0 PP
1 Grupo Mixto (aínda non tomou posesión o novo concelleiro)
3 AIM

Estado : Aprobada

2.- TOMA DE POSESIÓN DE DON SERGIO MANUEL GARCÍA VILLAR COMO CONCELLEIRO DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS POLO PSdeG-PSOE.

Unha vez recibida en data de 02.01.2018 (R.E. nº 8) credencial expresiva de que foi designado

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

concelleiro do Concello de Malpica de Bergantiños don **Sergio Manuel García Villar** , por estar incluído na lista de candidatos presentada polo PSdG-PSOE ás eleccións de 24/05/2015 en sustitución por renuncia de Dª Mª Isabel Loureiro Varela e previa renuncia anticipada de don Rogelio Pereira García, dona Mª Manuel Álvarez Rey e don Eladio Ramón Moscoso Casal, e presentadas as oportunas declaracións sobre bens de dereitos patrimoniais e sobre causas de posible incompatibilidade e actividade conforme ao disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, en sesión plenaria ordinaria de data de **25 de xaneiro de 2018** se procedeu a prometer o cargo polo novo concelleiro conforme á fórmula contida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, dándoselle como posesionado como concelleiro do Concello de Malpica de Bergantiños.
O señor Alcalde e os voceiros dos grupos municipais asistentes dan a benvida ao concelleiro posesionado, que nese momento se incorpora á citada sesión.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE DON SERGIO MANUEL GARCÍA VILLAR COMO CONCELLEIRO DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS POLO PSdeG-PSOE.

Que, unha vez recibida en data de 11.01.2018 (R.E. nº 112) credencial expresiva de que foi designado concelleiro do Concello de Malpica de Bergantiños don, **Julio José Vila Díaz** por estar incluído na lista de candidatos presentada polo PSdG-PSOE ás eleccións de 24/05/2015 en sustitución por renuncia de don Iago Espasandín Varela e previa renuncia anticipada de don Gabriel Costa García, e presentadas as oportunas declaracións sobre bens de dereitos patrimoniais e sobre causas de posible incompatibilidade e actividade conforme ao disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, en sesión plenaria ordinaria de data de **25 de xaneiro de 2018** se procedeu axurar o cargo polo novo concelleiro conforme á fórmula contida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, dándoselle como posesionado como concelleiro do Concello de Malpica de Bergantiños.
O señor Alcalde e os voceiros dos grupos municipais asistentes dan a benvida ao concelleiro posesionado, que nese momento se incorpora á citada sesión.

4º.- APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DO PABILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.

Pola secretaria dáse conta do dictame favorable adoptado pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada en data de 19.01.2018, que a continuación se transcribe:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

En data 17 de novembro do presente ano esta alcaldía ditou providencia para a iniciar os trámites de modificación da ordenanza fiscal número 13, da taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal.

A finalidade da modificación proposta está en fixar unha nova tarifa polo uso do ximnasio situado dentro do pavillón polideportivo incluíndo os aparatos de exercicios procedentes do edificio da piscina municipal. Esta tarifa determinouse de acordo co informe técnico-económico no que se estimaron os custes da utilización do ximnasio de xeito que os ingresos estimados non superen eses custes. A diferencia da taxa actual vixente, a tarifa

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

proposta ten carácter periódico sendo o período impositivo o mes natural. Isto fai necesario efectuar as modificacións necesarias nos artigos que regulan a xestión, administración e cobranza da taxa.

En consecuencia, esta alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes a acordos:

***Primeiro**.- Aprobar inicialmente a modificación dos seguintes artigos da Ordenanza Fiscal nº 13 da taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal quedando redactados nos seguintes termos:*

"ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do citado RDL 2/2004 e que se regulará pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.º .- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible deste tributo:

a) O uso da pista central do pavillón polideportivo municipal.
b) O uso do ximnasio do pavillón polideportivo municipal incluíndo as máquinas ou aparatos para a realización de exercicios físicos.
c) A prestación dos servizos de que están dotadas as transcritas instalacións

ARTIGO 3.º .- DEVINDICACIÓN E SUXEITO PASIVO

1.-A taxa considerarase devindicada, nacendo a obriga de contribuír, desde que se inicie a utilización das instalacións mediante a entrada ao recinto, previo pago da taxa.

2.- No caso do acceso ao ximnasio para a utilización das máquina de exercicios, a taxa devindícase o primeiro día do período impositivo, que coincide co mes natural.

3.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a utilización das instalacións.

4.- Serán responsables das obrigas tributarias as persoas físicas e xurídicas nos termos establecidos nos artigos 41 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria.

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

ARTIGO 4.º .- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

A base impoñible estará determinada en función da instalación específica do polideportivo para o cal se solicite a autorización, conforme á seguinte táboa

Instalación específica do polideportivo para o cal se solicita o uso	***Tipo de uso da instalación***	***Elemento para a determinación da base impoñible***
Epígrafe 1.-Pista central	*Utilización en día laborable ou festivo*	*Número de horas de utilización da citada instalación.*
Epígrafe 2.-Ximnasio	*Utilización en día laborable*	*Número usuarios que solicitan o uso por mes*

ARTIGO 5.º .- COTA TRIBUTARIA

1 - A cota tributaria esixiranse por aplicación do seguinte cadro de tarifas:

Instalación específica do polideportivo para o cal se solicita o uso	***Tarifa***	***Cota***	
Epígrafe 1.-*PISTA CENTRAL*		***Cota por hora en día laborable***	***Cota por hora en día festivo***
	Pola utilización polo período dunha hora para entrenamento, con independencia do n.º de usuarios	*4,49 €*	*6,27 €*
	Pola utilización polo período dunha hora para competición e con independencia do n.º de usuarios	*5,38 €*	*7,53 €*
	Pola utilización para maratóns ou similares, polo período máximo de 48 horas por cada hora de utilización	*7,47 €*	*7,47 €*
Epígrafe 2.-*XIMNASIO*		***Cota mensual por usuario***	
	Pola utilización por usuario /mes	*15 €*	

2. As cotas tributarias do cadro de tarifas serán actualizadas anualmente na mesma proporción que a variación irternanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. Dita actualización será efectiva a partires do día 1 de xaneiro do ano inmediato posterior

ARTIGO 6.º .- NORMAS DE XESTIÓN, ADMINISTRACIÓN E COBRANZA

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

6º.1.- Utilización da pista central.

6º.1.1.- Os suxeitos que desexen utilizar da pista central do polideportivo do Concello de Malpica de Bergantiños deberán efectuar a solicitude previa.

6º.1.2.-As autorizacións para a utilización das instalacións do polideportivo do Concello de Malpica de Bergantiños, serán outorgadas polo Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños de acordo co artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, quen poderá delegar a concesión das presentes autorizacións no funcionario encargado da xestión pavillón polideportivo.

6º.1.3.-Cando se presente a solicitude ou se inicie o expediente os suxeitos pasivos estarán obrigados a ingresar o importe de taxa en concepto de depósito previo da cota correspondente, de acordo co artigo 26.1.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6º.1.4 -. O importe de taxa en concepto de depósito previo será autoliquidado polo suxeito pasivo, especificando o tipo de uso da instalación así como o elemento para a determinación da base impoñible como se expón no artigo 5.º da presente ordenanza, para a cal se solicita o servizo. Non se tramitará o expediente nin se permitirá o uso do servizo ata que se teña efectuado o pagamento correspondente e sexa expedido o correspondente recibo de autorización.

6º.1.5.-Tramitado o correspondente expediente, e comprobado o importe de taxa en concepto de depósito previo autoliquidado polo suxeito pasivo, procederase á autorización para o uso solicitado mediante a expedición dun recibo de autorización, elevándose o depósito previo a liquidación definitiva ao concederse a autorización solicitada.

6º.1.6.-Os interesados, no suposto de denegación da autorización poderán solicitar a devolución do importe do depósito previo.

6º.2.- Utilización do ximnasio.

6º.2.1.- Os suxeitos que desexen utilizar o ximnasio do polideportivo do Concello de Malpica de Bergantiños deberán efectuar a solicitude previa.

6º.2.2.-As autorizacións para a utilización das instalacións do polideportivo do Concello de Malpica de Bergantiños, serán outorgadas polo Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños de acordo co artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, quen poderá delegar a concesión das presentes autorizacións no funcionario encargado da xestión do ximnasio.

6º.2.3.-Cando se presente a solicitude ou se inicie o expediente os suxeitos pasivos estarán obrigados a ingresar importe de taxa en concepto de depósito previo correspondente a unha

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

cota mensual, de acordo co artigo 26.1.a) Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

6º.2.4.- O importe de taxa en concepto de depósito previo será autoliquidado polo suxeito pasivo. Non se tramitará o expediente nin se permitirá o uso do servizo ata que se teña efectuado o pagamento correspondente.

6º.2.5.-Tramitado o correspondente expediente, e comprobado o importe de taxa en concepto de depósito previo autoliquidado polo suxeito pasivo, procederase á autorización para a utilización do servizo solicitado mediante a oportuna notificación de alta como usuario do ximnasio, elevándose o depósito previo a liquidación definitiva ao concederse a autorización solicitada.

6º.2.6.-Os interesados, no suposto de denegación da autorización poderán solicitar a devolución do importe do depósito previo.

6º.2.7.- Efectuado o ingreso da primeira cota mensual as restantes cotas esixibles serán liquidadas cada mes, non sendo reducibles polo período impositivo sinalado no artigo 3º.2 da presente ordenanza fiscal.

6º.2.8.-Autorizada a utilización do ximnasio, entenderase prorrogado automaticamente por un novo período impositivo, ata que se solicite a baixa polo interesado, ou sexa declarada a súa caducidade. A tal fin a administración municipal elaborará mensualmente unha lista de cobro das persoas ou entidades obrigadas ao pagamento, que deberá ser aprobado definitivamente antes do día 15 día de cada mes.

6º.2.9.-Nos casos de presentación da baixa como usuario, esta producirá efectos a partir do mes seguinte ao que se teña efectuada a presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de seguir aboando a taxa.

6º.3.- Non se entenderán como suxeitos pasivos a efectos da presente ordenanza a impartición das clases de educación física efectuadas polos centros educativos deste concello, así como a celebración de actividades organizadas ou promovidas polo Concello de Malpica.

ARTIGO 7.º.- EXENCIÓNS, REDUCCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

De conformidade co disposto no artigo 9 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se recoñecen máis beneficios fiscais que os derivados de norma con rango de lei ou da aplicación dos Tratados Internacionais. Calquera bonificación ou exención deberá ser interesada ao tempo de solicitar a oportuna autorización .

ARTIGO 8.º .-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

nesta ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ata que se acorde a súa derrogación ou modificación expresa."

***Segundo**.- Proceder a exposición ó público acordo de aprobación inicial da nova ordenanza polo período de trinta días, mediante a publicación simultánea do anuncio de exposición no B.O.P. e no taboleiro de edictos da corporación.*

***Terceiro**.- Considerar definitivamente aprobado o acordo no caso de que non se presenten reclamacións, procedendo a súa publicación no B.O.P xunto co texto integro das modificacións da ordenanza fiscal e sen que entre en vigor esta ata a referida publicación, todo isto de conformidade co artigo 17. 4 do Real decreto lexislativo 2/2004."*

Sometida a votación a aprobación da proposta da Alcaldía esta resulta aprobada co seguinte resultado:

Votos a favor: 4 PP
Votos en contra: Nigún.
Abstencións: 3 (2 de AIM e 1 do Grupo Mixto-BNG)"

A señora Mª del Mar intervén para sinalar que o señor Alcalde di que hai un conserxe para cuidar as instalacións e vixiar a entrada, di que na Comisión se preguntou quen abriría as instalacións e lle responderon que o conserxe. O señor Alcalde responde que non é necesario que nas instalacións exista un monitor, di que o conserxe fará as súas funcións de limpeza e conserxería. A señora Mª del Mar pregunta si vai a haber unha tarxeta acreditativa para poder entrar e o señor Alcalde responde que ser verá en función da demanda. O señor Alcalde engade que na piscina, onde estaban esas máquinas, tampouco se ía a poñer monitor, e que ao non prestarse ese servizo, os prezos son máis asequibles. Di que se trata de que non se deterioren esas máquinas que tiña mercadas o concello.

O señor Sergio sinala que o seu voto vai a ser contrario á aprobación da proposta porque este ximnasio estaba previsto para a piscina e non para o pabillón. Engade que a piscina non se abre porque non se quere, que lles ten dado moito rédito electoral ese tema e o señor Alcalde responde que hai cousas sen acabar e que por ese motivo non se puido abrir. O señor Sergio di que nese caso se tería que ter denunciado iso.

O señor Cañizo di que nese pleno, niguén votou en contra do acordo da piscina.

O señor Sergio di que levan sete anos sen poder abrir a piscina e o señor Miguel di que non hai

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

quen queira xestionala, e que además é un pufo para o Concello.

O señor Cañizo pregunta que quen pode acceder á piscina, di que para abrir o ximnasio é necesario ter un monitor e además os menores de catorce anos non poden acceder. Engade que o seu cuñado ten un ximnasio e que o Concello lle está a facer a competencia deleal.

O señor Miguel responde que o único que lle preocupa ao señor Cañizo é o tema de que perxudiquen ao seu cuñado.

O señor Cañizo di que se está a utilizar ao conserxe para outras cousas e pregunta que qué normativa se aplica ao ximnasio. O señor Cañizo pide que o expediente quede sobre a mesa para miralo en profundidade.

O señor Alcalde di que sempre que hai actividades deportivas, o concello ten un seguro para as actividades que organice o concello, e si se pide o pabillón por un particular, o mesmo deberá ter un seguro para a actividade que organiza. Di que o ximnasio xa existía antes, que xa había máquinas e que agora se sustitúen polas da piscina.

O señor Cañizo di que lle parece ben que a xente vaia ao ximnasio e que incluso se cobre menos.

O señor Alcalde responde que hai un estudo que sinala o que se pode cobrar, que o prezo se xustifica nese estudo, non a vontade do señor Alcalde.

A señora Mª del Mar di que a información que se deu na Comisión Informativa non é a que se está aclarando no pleno, se dixo que non se ía a cobrar por horas e que agora non entende de qué se está a falar. Engade que parece un expediente improvisado, se solicita que se deixe sobre a mesa.

Así, á vista das solicitudes formuladas de que o expediente quede sobre a mesa, de conformidade co sinalado no artigo 92.1 do RE 2568/1986 de 28 de novembro, sométese a votación a citada petición, aprobándose a citada petición por unanimidade dos membros presentes, e aplazándose a discusión do citado expediente para a seguinte sesión.

5º.-MOCIÓNS

De conformidade co sinalado no artigo 91.4 o señor Alcalde pregunta si algún grupo político desexa someter a consideración do pleno por razóns de urxencia , algún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas. Non se formulan.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO:

1.- Dación de conta de resolucións de alcaldía dende a nº 480/2017 á 23/2018 correspondentes ao ano 2017 e ao ano 2018 respectivamente.

Por parte da secretaria dáse conta das resolucións de alcaldía ditadas dende a número 480/2018 á 23/2018 (inclusives) postas á disposición dos membros da Corporación con motivo da convocatoria.

2.- Rogos e preguntas.

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A

Rogos:

a) Por Sergio M. García Villar:

-Di que a Cabalgata de Reis chegou cerca das 21:30 horas e o señor Miguel responde que non, que chegou cerca das 20:30 horas. O señor Sergio di que algún colaborador lle contou que a culpa era de Miguel e roga que o señor Miguel se ateña ás súas competencias.

Neste intre a Interventora abandona o Salón de Plenos.
- Chegaron varias queixas dos veciños polo encendido de alumbrado. O señor Alcalde responde que en Brión se debe a unha obra e que agora parece que este tema está arranxado.

Preguntas:

a) Por Mª del Mar Ordóñez Varela:

- ¿ Quen leva agora Urbanismo e Deportes? O señor Alcalde responde que Álvaro levará urbanismo e Julio axudará en deportes, aínda que non delegue esa concellería.
- ¿ Se está a controlar o cumprimento da normativa aprobada para vixiar as obras? O señor Alcalde di que nos acordos da Xunta de Goberno Local se lembra aos interesados a obriga que teñen de poñer os carteis de obras.
- ¿ Cómo saben si se fan obras ilegais? O señor Alcalde responde que o concello non ten tantos efectivos como para controlar todo o termo municipal.
- ¿ Que se está a facer para controlar a velocidade nos tramos perigosos? ¿ Se van a poñer barreiras? ¿ Vaise adoptar algún mecanismo? O señor Alcalde responde que non se poden poñer barrreiras en estradas que non son municipais. O señor Cañizo intervén para sinalar que no seu día se puxeron polo Concello coa anterior Corporación e que se mandaron quitar. A señora Mª del Mar insiste en preguntar si se vai a adoptar algún mecanismo? O señor Alcalde responde que por agora non.
- Esta semana se formalizou o contrato de recollida de lixo, ¿ sábese onde teñen a nave a que lles obrigaba o prego? O señor Alcalde di que non lembra todos os requisitos da contratación, que non lembra que fora obrigatoria unha nave aquí, pero que o vai a consultar.
- O servizo de control de plagas, ¿ con qué frecuencia pasa? O señor Miguel responde que cada 15 días.
- A entrada do Concello na Galiña azul non vai acompañada de máis personal polo Consorcio, qué se vai a facer ao respecto? O señor Alcalde responde que xa falou co Consorcio e que por agora cumplen o ratio de personal, que pode ser que se admitan a bebés porque aínda estarían no ratio.
- ¿Se arranxaron os problemas da gardería como o tema da porta, etc? O señor Alcalde responde que se lle comunicou á Xunta, e que por agora non se tivo resposta.
- Respecto á programación das actividades do nadal, ¿ son conscientes do público ao que van dirixidas? ¿ son conscientes de que a Cabalgata de Reis é para os nenos? ¿ Parécesslles normal á hora a que chegou a cabalgata? ¿ Parécelles normal que rematara cunha actividade diante da Igrexia? A señora Noelia Freijeiro sinala que as cabalgatas saíron temprano pero para que cheguen a todos os sitios, chegan tarde a Malpica e di que foron as asociacións as que quixeron ir

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

á Igrexia. A señora Mª del Mar responde que non lle parece normal que acabaran diante da igrexia, que os Reis Magos agora non teñen que ver coa relixión. A señora Freijeiro di que os Reis son algo que ten que ver coa Igrexia , que as asociacións foron as que quixeron rematar alí e que a cabalgata se retrasou máis do previsto, porque houbo un problema que así o fixo retrasar. O señor Alcalde sinala que o Concello pon cartos para a cabalgata que non todo é con cartos públicos.

b) Por Sergio M.García Villar.
- ¿ Cándo se vai a empezar a construir a depuradora de Beo? O señor Alcalde di que están mirando as posibles ubicacións que propón a Xunta e que hai que mercar un terreno, que están mirando o tema.
- En Buño houbo unha reunión polo tema da auga, e me trasladaron que saiu o nome do concelleiro Miguel en relación a un tema dun contador dun veciño de Buño. A señora Mª Soledad intervén para sinalar que a asociación da que fala é privada, que se dixera que Miguel donara os tubos e realmente eso non foi así. O señor Miguel A. Fernández di que na reunión se focalizou o problema no enganche de Sigrás pero que hai moitos que non pagan nada e ninguén di nada. A señora Mª Soledad di que na reunión quedou claro que Sigrás pagara o enganche.

c) Por Alfredo Cañizo Garrido:
- Respecto ao tema do control de velocidade tamén habería que poñer aceras ata Pastoriza. O señor Alcalde responde que mirará o tema.
- O señor Cañizo di que non parece que se trouxera nada de Fitur por parte dos representantes municipais que foron. O señor Alcalde di que estiveron con moitas autoridades, e que se fixeron as xestións habituais.
- ¿ Foron a visitar ao alcalde de Malpica del Tajo? O señor Alcalde di que non, que sairon de Malpica hacia Madrid tarde e que non deu tempo.

d) Por Antonio Manuel Pereira Rodríguez:
- Mirindinguín lle contou que o señor Miguel lle dixera que non lle ía a cobrar porque xa cedera a tubería, pero tamén recoñece que logo pagou.

Non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.
Malpica de Bergantiños, venres 25 de xaneiro de 2018

V° e prace
O alcalde

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS - ALCALDÍA -

Eduardo José Parga Veiga

A secretaria

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS - SECRETARÍA -

Mónica Pichel García

RELGA. MU - 2000/175 CIF P - 1504400 A